



CONVOCATORIA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DA CAFETERÍA DO IES DO MILLADOIRO PARA O CURSO 2015-2016

RESUMO DE CONDICIÓNS:

- O IES do Milladoiro proporcionará o local para a prestación do servizo.
- Débese contribuír co centro de forma proporcional nos gastos de consumo comúns (auga, electricidade e calefacción). Nestes momentos o centro non ten contadores individualizados destes servizos. Se nun futuro fose posible instalar para algún deles un “contador interno de pasos” a partir dese momento o adxudicatario pagará proporcionalmente aos pasos reflectidos na factura.*
- Será responsabilidade do contratista manter a orde e a disciplina entre as persoas asistentes á cafetería. Do mesmo xeito, terá a responsabilidade controlar e responsabilizarse do acceso dos seus usuarios á zona de aseos e impedir o acceso ó resto de instalacións do centro durante o horario que non coincida co de apertura xeral do centro.
- Tense que contratar un seguro de Responsabilidade Civil por un importe mínimo de 20.000 €
- O canón anual **mínimo** establecido é de 377,20 €
- O horario de apertura será o horario escolar nos días que haxa clase no centro: luns, mércores, xoves e venres, de 8:40 a 14:30; martes de 8:40 a 18:15.
- A duración do contrato coincidirá co período de actividade académica durante o curso escolar 2015-2016 e non pode ser obxecto de prórroga.

DOCUMENTO COMPLETO DE CONDICIÓNS: pode recollerse na Conserxería do IES do Milladoiro, en horario de luns a venres de 9 a 14 horas. Estará tamén dispoñible na páxina web do Instituto.

PROPOSICIÓNS: presentaranse en sobre pechado na Secretaría do IES do Milladoiro, ata as 14 horas do 13 de outubro de 2015, incorporando toda a documentación necesaria.

ADXUDICACIÓN: adxudicarase, a partir do día 14 de outubro, á oferta máis vantaxosa, tanto técnica como economicamente. Téñase en conta que se poden realizar propostas de mellora, e que a lista de prezos de artigos (como mínimo os detallados no anexo III) debe **recoller ou mellorar** os máximos previstos no citado anexo.

O Milladoiro, 22 de setembro do 2015.

*Información xeral: -Superficie útil do centro: 5.849 m². -Superficie total do recinto: 11.000 m². -Superficie útil dos locais de cafetería: 136 m².

*Información sobre posibles gastos (non ten valor contractual; gastos pasados non garanten proporcionalidade sobre gastos futuros): -Gasto medio electricidade 1º semestre 2015: 2.225 €/mes. Gasto calculado da cafetería: 51,73 €/mes. -Gasto medio calefacción 1º semestre 2015: 1.810 €/mes. Gasto calculado da cafetería: 42 €/mes. -Gasto medio auga 1º semestre 2015: 166 €/mes. Gasto calculado da cafetería: 3 €/mes.